

Venres, 7 de outubro de 2022

Núm. 193

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SILLEDA****Ordenanzas e Regulamentos***ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO, ZONA AZUL**(EXPEDIENTE 1055/2022)*

O Pleno do Concello do Silleda, en sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2022, aprobou inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO DO CONCELLO DE SILLEDA (ZONA AZUL).

Rematado o prazo de exposición ao público da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado do Concello de Silleda (zona azul), aprobada inicialmente por acordo plenario de data 28 de xullo de 2022 anunciado no BOP nº 149 de 05 de agosto de 2022, sen que se formularan reclamacións, alegacións ou observacións contra o mesmo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, enténdese definitivamente aprobados os Acordos ata entón provisionais; polo que, de conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza, que entrará en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985.

Segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, tratándose dunha disposición xeral, fronte á mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. O recurso deberá interpoñerse ante a Sala do Contencioso/Administrativo do Tribuna Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña. Todo isto, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno e sexa aceptable en dereito.

*ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO DO CONCELLO DE SILLEDA***ARTIGO 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

O ámbito de aplicación da Ordenanza estenderase a aquelas vías ou tramos sinalizados das mesmas que se relacionan de seguido, denominado Zona Azul, durante o seu horario de funcionamento:

- Rúa Progreso
- Rúa Estación (tramo sinalizado ao carón da Escola Infantil Galiña Azul)



Venres, 7 de outubro de 2022

Núm. 193

ARTIGO 2.- CONCEPTOS PREVIOS.

2.1.- A Zona Azul comprende a superficie do termo municipal sinalada no epígrafe anterior e o seu réxime de estacionamento queda sometido ás normas desta Ordenanza.

2.2.- Dentro da Zona Azul e durante o seu funcionamento, non hai libre aparcamento, senón que todos os espazos están suxeitos ao réxime de estacionamento limitado, salvo que estea reservado ou prohibido expresamente; neste caso estarán sometidos ao réxime xeral de prohibición.

ARTIGO 3.- COMPETENCIAS.

Corresponde ao Pleno a fixación e modificación do perímetro da Zona Azul

ARTIGO 4.- FUNCIONAMENTO DA ZONA AZUL**4.1.- SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL.**

Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicas de comezo e fin da Zona Azul.

4.2.- DISCO DE CONTROL

Dentro da zona azul o condutor, ao estacionar, ten a obriga de colocar o disco de control no salpicadeiro dianteiro do seu vehículo, no lado máis próximo á beirarrúa, ou calquera outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada.

O disco de control consiste nunha pequena roda de 11 x 11 cm, aproximadamente, de cor verde, onde na ventá da esquerda deberá figurar a hora de chegada que fixará o condutor ao xiralo disco e, na ventá da dereita, a hora límite á que ten que abandonar o lugar, de acordo coa franxa horaria establecida na presente Ordenanza.

ARTIGO 5.- HORARIO E DATAS DE ESTACIONAMENTO.

O horario de limitación comprenderá de 9.00 a a 20:30 horas (de luns a venres) e os sábados de 9,00 a 14,00 horas, establecéndose tramos horarios de 90 minutos para a zona azul. Durante os sábados a partir das 14,00 horas, domingos e festivos non haberá limitación.

Sirva de exemplo a seguinte táboa orientativa de tramos horarios en Zona Azul:

Horario de chegada	Horario de saída
9,00 horas	10,30 horas
10,30 horas	12,00 horas
12,00 horas	13,30 horas
13,30 horas	15,00 horas



Venres, 7 de outubro de 2022

Núm. 193

ARTIGO 6.- ESTACIONAMENTO NON PERMITIDOS.

Non poderán estacionar na Zona Azul os vehículos de PMA superior a 3.500 kg, salvo autorización expresa.

ARTIGO 7.- VEHÍCULOS EXENTOS DE LIMITACIÓN NA ZONA AZUL.

Están exentos das limitacións de estacionamento de Zona Azul:

1.- Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello, en atencións a circunstancias tales como servizos asistenciais, servizos de emerxencia, seguridade cidadá, etc.

2.- Aqueles vehículos que tiveran Licenza Municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública (aparatos elevadores, guindastres, etc.).

3.- Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

4.- Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos de Organismos Internacionais con sede u oficina en España e de seus funcionarios con estatuto diplomático

ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.**8.1.- INFRACCIÓNS.**

Considéranse Infraccións á Ordenanza:

a) Estacionar en zona limitada (Azul) e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou medio indicador utilizado.

b) Estacionar en zona limitada sen ter colocado no vehículo o disco de control ou o elemento que o substitúa á vista.

c) Estacionar en zona limitada e ter o disco de control ou elemento que o substitúa colocado de forma non lexible.

d) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa, establecendo un horario distinto ao de chegada.

e) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control, ou elemento que o substitúa sen retirar o vehículo a máis de 250 m do lugar de chegada.



Venres, 7 de outubro de 2022

Núm. 193

8.2.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Sen prexuízo das particularidades que, no seu caso, puideran establecerse nunha futura Ordenanza Xeral de Circulación, o procedemento sancionador aplicable será o previsto no RE 320/1994, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Será tamén aplicable neste procedemento a redución por pronto pago prevista no artigo 94 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e posteriores modificacións.

ARTIGO 9.- CADRO DE INFRACCIÓNS E MULTAS.

Establécese o seguinte cadro de infraccións e multas:

INFRACCIÓN	FEITO DENUNCIADO	MULTA
LEVE	Estacionar en Zona Azul sen ter colocado no vehículo o disco de control ou medio que o substitúa, á vista segundo a presente Ordenanza	80,00 €
LEVE	Estacionar en Zona azul e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou elemento que o substitúa	60,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e ter o disco de control, ou elemento que o substitúa, non colocado conforme á presente Ordenanza	60,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e marcar no disco de control, ou elemento que o substitúa, un horario distinto ao de chegada	60,00 €
LEVE	Estacionar en Zona Azul e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa, sen retirar o vehículo a máis de 250 m do lugar de chegada	80,00 €

ARTIGO 10.- ENTRADA EN VIGOR.

A entrada en vigor da presente ordenanza municipal producirase unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo fixado no artigo 65.2 da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local.

Silleda, na data da sinatura electrónica.

O alcalde — Manuel Cuiña Fernández

